

ESPECIFICACIÓN TÉCNICA:

Medidas para reducir o contaxio por coronavirus SARS-CoV-2

Camiños de Santiago Seguros

Directrices e recomendacións

Instituto para la Calidad Turística Española

ÍNDICE

0. LIMIAR	3
1. OBXECTO E CAMPO DE APLICACIÓN	3
2. TERMOS E DEFINICIÓNS	3
2.1 COVID-19	
2.2 Risco	
2.3 Xestión do risco	
2.4 Persoas especialmente sensibles/vulnerable	
3. REQUISITOS PARA XESTIONAR O RISCO	4
3.1 Requisitos xerais	
3.2 Comité de xestión	
3.3 Plan de continxencia	
3.4 Recursos materiais	
3.5 Medidas xerais para o ente xestor	
3.6 Medidas de protección para o persoal	
3.7 Medidas informativas	
4. SERVIZOS E INSTALACIÓNS	9
4.1 Sinais	
4.2 Requisitos de servizo e instalacións	
5. REQUISITOS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN	13
BIBLIOGRAFÍA	14
ANEXOS	15

0. LIMIAR

O Camiño de Santiago segue a ser a ruta máis antiga e concorrida de Europa, máis de 300 000 peregrinos ao ano percórrenlo, de xeito que deveu o principal destino turístico de Galicia. Porén, o actual contexto COVID-19 obriga a establecer protocolos coas medidas de protección necesarias para visitantes, peregrinos, turistas e residentes.

1. OBXECTO E CAMPO DE APLICACIÓN

Este documento reúne requisitos e recomendacións para aplicar polos distintos entes xestores que interveñen nas diferentes etapas dos camiños de Santiago, co fin de minimizar os riscos de contaxio do coronavirus SARS-CoV-2 entre visitantes/peregrinos e residentes.

Este protocolo creouse para a súa aplicación por parte do ente/s xestor/es de xeito global, e para instaurar as medidas preventivas e hixiénico-sanitarias durante as diferentes etapas e concellos dos distintos camiños de Santiago, de xeito que as medidas establecidas ao longo dunha etapa redunden beneficiosamente na seguinte. Para unha aplicación eficaz é fundamental a colaboración entre os distintos entes xestores con competencias na xestión do camiño, así como a implicación do sector privado, articulado a través da colaboración público-privada.

A entrada en funcionamento dos distintos servizos realizarase consonte o calendario publicado polo Goberno de España ou pola autoridade competente e segundo as modificacións que poida haber no futuro.

2. TERMOS E DEFINICIÓNS

2.1 COVID-19

É a doenza provocada polo coronavirus SARS-CoV-2, un novo tipo de coronavirus, que afecta aos humanos e transmítese de persoa a persoa.

Os síntomas máis comúns inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e do gusto, calafríos, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea e vómitos.

(Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, 2020).

2.2 Risco

Posibilidade de que unha persoa se contaxie de coronavirus SARS-CoV-2.

2.3 Xestión do risco

Actividades coordinadas para dirixir e controlar a organización en relación ao risco.

(UNE-ISO 31000:2018)

2.4 Persoa especialmente sensible/vulnerable

Persoas con doenza cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.

(Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, 2020)

3. REQUISITOS PARA XESTIONAR O RISCO

3.1. Requisitos xerais

O ente xestor debe de asumir un compromiso firme coa xestión do risco, liderando a posta en marcha sistemática de medidas dirixidas a minimizalo. A xestión do risco debe de facer parte de todas as distintas actividades xestionadas ou fomentadas polo ente xestor.

Após avaliar o risco de exposición ao SARS-CoV-2, o ente xestor deberá de definir un plan de contingencia que inclúa o plan de uso e organización do espazo, servizos que configuran a oferta do destino e as medidas preventivas e hixiénico-sanitarias que correspondan.

3.2. Comité de xestión

Debe de conformarse un comité de xestión que inclúa as diferentes partes implicadas na xestión do camiño e das instalacións e equipamentos que prestan servizo aos visitantes/peregrinos. Este comité asumirá a definición de estratexias e toma de decisións para minimizar os riscos hixiénico-sanitarios por COVID-19. Este comité, que se reunirá periodicamente, terá por obxecto:

- Establecer os mecanismos para reunir a información que lle permita tomar as mellores decisións e establecer a forma na que se vai coordinar.
- Avaliar os riscos considerando a natureza do destino (afluencia de visitantes, servizos prestados, etc.), extraer conclusións e deseñar, consonte estas conclusións, un plan de contingencia que poida considerar varias fases da evolución con posibles restricións.

- Asignar recursos materiais, incluída a determinación de uso de Equipos de Protección Individual (EPI), atendendo ás necesidades derivadas da avaliación de riscos e sen prexuízo do establecido neste documento e na normativa aplicable.
- Instaurar e supervisar o cumprimento do plan de continxencia, valorando a súa efectividade e modificándoo ou actualizándoo se for necesario consonte a efectividade mostrada.
- Supervisar o cumprimento das recomendacións e pautas ditadas polas autoridades sanitarias en relación a medidas especiais fronte á COVID-19 por parte de empregados e usuarios, así como das medidas adicionais incluídas no plan de continxencia resultante da avaliación de riscos.

3.3. Plan de continxencia

O plan de continxencia debe de incluír, polo menos:

- A posibilidade de modificar os procesos dirixidos á toma de decisións, se for necesario.
- As directrices e recomendacións das autoridades sanitarias.
- Medidas específicas para a minimación de riscos, atendendo ao resultado da avaliación de riscos.
- A asignación de autoridades e responsabilidades no marco da xestión do risco e para a aplicación das medidas deseñadas no plan de continxencia.
- O marco de restricións e limitacións que poidan establecerse no contexto actual.
- O impacto das medidas na planificación e organización do traballo, valorando, no seu caso, se dispón da capacidade para facer fronte ás necesidades derivadas da avaliación de riscos en materia de seguridade, vixilancia, limpeza, servizos de emerxencias (Protección civil, 112, etc.), co fin de tomar as medidas oportunas.
- A determinación e establecemento dun protocolo de actuación no caso de que un empregado ou visitante/peregrino mostre síntomas compatibles coa COVID-19, seguindo en todo caso as directrices da prevención de riscos e autoridades sanitarias respectivamente, e considerando a revisión dos protocolos de limpeza e desinfección das superficies potencialmente contaminadas.
- A definición de medidas específicas para visitantes/peregrinos e residentes, así como no propio camiño e respecto á seguridade deste.

O plan de continxencia debe de considerar as necesidades das persoas con algún tipo de discapacidade, así como os colectivos vulnerables.

3.4. Recursos materiais

O ente xestor debe de establecer as accións necesarias para o aprovisionamento dos recursos necesarios previstos, consonte o resultado da avaliación de riscos e o plan de continxencia deseñado, tendo en conta en todo caso as recomendacións das autoridades sanitarias.

O ente xestor debe de considerar as restricións que puidese haber para o aprovisionamento dos recursos materiais e as limitacións de servizos que poidan derivar destas restricións, valorando, no seu caso, outras posibilidades distintas ás inicialmente propostas, sempre acordadas coa representación legal dos traballadores.

Se nalgún momento se detectase carencia de recursos materiais, o comité deberá de analízalo e rexistralo internamente, para a salvagarda do ente xestor e os seus empregados perante as autoridades competentes, e coa posibilidade de analizar e propor recursos e medidas alternativas.

3.5. Medidas xerais para o ente xestor

3.5.1 Requisitos xerais

O ente xestor, en relación aos seus empregados, debe:

- Avaliar a presenza no entorno laboral de traballadores especialmente sensibles fronte a COVID-19 e determinar as medidas específicas de seguridade para estas persoas.
- Fornecer os EPI axeitados previa avaliación dos riscos laborais. En caso de haber servizos subcontratados, a entidade titular ou principal, no seu caso, supervisará que o persoal teña os equipos de protección individual necesarios. Se houber coordinación de actividades empresariais, deberanse de seguir as pautas que indique o procedemento interno de coordinación (adaptado previamente ao novo risco por coronavirus), establecer os medios de coordinación necesarios e cumprir coas obrigas que esixa a normativa.
- Fomentar o establecemento de medidas preventivas e hixiénico-sanitarias entre os establecementos turísticos do destino, de xeito que se traballe para conformar un destino seguro en todos os servizos (públicos e privados) dos que utiliza o visitante/peregrino.

Ademais:

- O ente xestor deberá informar aos traballadores sobre a correcta desinfección da roupa de traballo a temperaturas superiores a 60°C, sempre que isto for posible.
- Deberá de formarse aos traballadores sobre o correcto uso e mantemento das máscaras, luvas e EPI que empreguen. Debe de ficar rexistro interno desa formación.

3.6. Medidas de protección para o persoal

3.6.1 Requisitos xerais

O persoal debe coñecer o plan de continxencia deseñado e, especificamente, as súas responsabilidades no tocante á xestión de riscos.

Concretamente, o persoal debe:

- Evitar o saúdo con contacto físico, incluído dar a man, tanto ao resto do persoal como aos usuarios. Débese de respectar a distancia de seguridade sempre que for posible.
- Atender ao resultado da avaliación de riscos de cada posto de traballo, que determinará a obrigatoriedade ou non de empregar EPI, así como o tipo e tempo de uso destes segundo as características que tiveren.
- Desbotar inmediatamente calquera refugallo de hixiene persoal, en especial os panos dun só uso e os EPI, nas papeleiras ou contedores habilitados.
- Lavar ben as mans con auga e xabón ou, se isto non for posible, empregar unha solución desinfectante despois de esbirrar, sonar o nariz ou tuser, ou tocar superficies potencialmente contaminadas (cartos, folletos, etc.).
- Desinfectar con frecuencia, durante toda a xornada laboral, os obxectos de uso persoal con auga e xabón ou, pola contra, cunha solución desinfectante. Sexa como for, os elementos do posto de traballo haberán desinfectarse en cada cambio de quenda.
- Non compartir equipos de traballo ou dispositivos con outros empregados ou cos usuarios. Se houber alternancia na utilización de determinados equipos de traballo (p. ex. vehículos) ou dispositivos, o ente xestor deberá de establecer unhas pautas de limpeza e desinfección entre cada uso, a fin de minimizar o risco de contaxio. Atenderase ás indicacións ditaminadas polas autoridades competentes en materia de uso compartido de vehículos.

- O procedemento a final da xornada laboral será este: quitar a roupa de traballo, gardala nunha bolsa e lavar as mans.
- Usar sempre roupa limpa de traballo.

3.6.2 Requisitos específicos para o persoal de limpeza

O persoal de limpeza deberá de empregar o equipo de protección individual axeitado, consonte o nivel de risco e resultado da avaliación de riscos laborais. Como mínimo, o persoal deberá de empregar máscaras e luvas.

Despois de cada limpeza, deberanse tirar os materiais empregados e os equipos de protección utilizados, e posteriormente haberá que lavar as mans.

En caso de estes servizos aquí descritos estiveren subcontratados, o ente xestor supervisará que o persoal dispón dos equipos de protección individual necesarios e actúa baixo os procedementos establecidos.

3.7. Medidas informativas

O plan de continxencia deberá de comunicárselle a todos os traballadores para que actúen en conformidade. Os provedores e usuarios deberán de ser informados sobre as medidas que lles afecten directamente e que deberán aplicar no destino (p. ex.: uso de máscara, lavado de mans, distancia de seguridade, uso de itinerarios concretos, etc.). Deberase de instar aos traballadores, ás empresas subcontratadas provedoras de servizos, etc., a colaborar no cumprimento das medidas establecidas no plan de continxencia.

4. SERVIZOS E INSTALACIÓNS

4.1. Sinalización

O ente xestor deberá de ocuparse de instalar as seguintes sinais físicas naqueles puntos estratéxicos das rutas e diferentes etapas do camiño identificados despois da avaliación de riscos (p ex.: polos de comunicación, puntos de información e acollida, puntos de confluencia de visitantes, etc.) que informen ao visitante/peregrino sobre:

- Medidas establecidas polo propio ente xestor.
- Medidas hixiénico-sanitarias e preventivas que o visitante/peregrino deberá de cumprir durante o camiño (manter a distancia de seguridade, usar máscara, etiqueta respiratoria, etc.).
- Restricións e limitacións dos diferentes servizos e instalacións (p. ex.: capacidade de acollida de equipamentos).
- Teléfonos de emerxencia e centros de saúde/hospitais máis próximos. Recoméndase indicar os quilómetros aos que fican estes centros de saúde/hospitais.

Recoméndase utilizar planos (dixitais ou en carteis) na que conste a localización dos puntos de interese turístico e as zonas máis transitadas, así como os itinerarios recomendados produto da avaliación de riscos.

Deberase de fomentar o uso de novas tecnoloxías/medios electrónicos para evitar o uso compartido de material informativo/folletos.

4.1. Requisitos de servizo e instalacións

O ente xestor determinará, consonte a avaliación de riscos e o plan de continxencia definido, os servizos de xestión pública a disposición do visitante/peregrino.

Deberase de cumprir cos seguintes puntos:

- **Solución desinfectante:** Facilitar puntos de solución desinfectante nos focos de risco, tendo en conta o resultado da avaliación de riscos (p. ex.: inicio e comezo de etapa, puntos intermedios da etapa, accesos de oficinas de atención ao peregrino, servizos

de información turística).

- **Fontes de auga:** Será instalada/facilitada xunto a estas solución desinfectante.
- **Itinerarios preferentes:** Diseñar ou redeseñar os itinerarios preferentes cando for necesario, valorando sempre a menor interferencia posible cos residentes, e comunicarllo aos visitantes/peregrinos. O ente xestor deberá de aplicar, nos seus espazos públicos máis concorridos, a guía "Medidas para la reducción del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2 para espazos públicos singulares" (ICTE, 2020).
- **Capacidade:** Recalcular a capacidade daqueles espazos nos que for necesario por mor da afluencia de usuarios (p. ex.: oficina de atención ao peregrino, zonas máis concorridas), e establecer, cando for necesario, as medidas necesarias para controlala. As medidas de control de capacidade e acceso (cando for necesario), deberán de anunciarse de xeito que sexan visibles desde o exterior das instalacións.
- **Distancia de seguridade:** Empregar medios que permitan manter a distancia de seguridade (p. ex.: marcas visuais no chan, catenarias, quendas). Cando sexa posible ofrecer unha atención personalizada a máis dun usuario á vez (p. ex.: punto de información/acollida ao peregrino), deberá de sinalizarse claramente a distancia de seguridade (p. ex.: con marcas no chan ou con balizas). Sexa como for, o mesmo informador non poderá atender simultaneamente varias persoas.
- **Actividades comerciais:** O persoal que manexe diñeiro debe lavar as mans tras o manexo de efectivo. Se non for posible, débese desinfectalas con solución desinfectante. Sexa como for, seguirase a "Guía de Buenas Prácticas frente al COVID-19 para los establecimientos y los trabajadores del sector comercio" (MINCOTUR, 2020).
- **Contactless:** Fomentar os pagamentos con tarxetas ou outros medios electrónicos, preferiblemente *contactless*. No caso dos servizos de xestión pública, desinfectar os TPV despois de cada uso con contacto. As pantallas táctiles ou outros equipos de uso compartido para mellorar a experiencia do visitante/peregrino (pantallas informativas, *tablets*, xestores de ringleiras, gafas 3D, etc.) quedarán inhabilitadas temporalmente, a menos que se garanta a dispoñibilidade de medios xunto para usalas con seguridade (p. ex.: luvas ou solucións desinfectante, ou toallñas desinfectantes, así como carteis para usar con seguridade estes equipos).
- **Información dixital:** Fomentar o uso de canles dixitais para facilitar información do

destino (p. ex.: redes sociais, códigos QR), así como documentos en formato electrónico. Non poderán devolverse os folletos entregados aos usuarios. Deberanse de eliminar da zona de autoservizo os folletos, e poderán instalarse carteis nos que conste a información retirada do autoservizo. Colocaranse papeleiras nas zonas de exposición/consulta con tapa e pedal.

- **Zonas de descanso:** As zonas de descanso deberán de disporse de tal xeito que quede garantida a distancia de seguridade entre as persoas (deixan espazo entre elas, marcando as posicións, etc.). Cando isto non for posible, os usuarios deberán de empregar máscara.
- **Visitas guiadas:** Nas visitas guiadas deberanse de aplicar as “Medidas para la reducción del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2 para guías de turismo” (ICTE, 2020).
- **Albergues de Xestión pública:** o ente xestor deberá de aplicar as “Medidas para la reducción del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2 en albergues” (ICTE, 2020).
- **Oficinas de Información turística/atención ao peregrino:** o ente xestor deberá de aplicar as “Medidas para la reducción del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2 en Oficinas de Información Turística” (ICTE, 2020).
- **Aseos:** Se o ente xestor determina a apertura dos aseos públicos conectados á rede de saneamento, deberá de facelo sempre en condicións de seguridade. Para iso:
 - Deberá determinarse a capacidade e informar ao usuario do sistema establecido para garantir a distancia interpersonal.
 - Deberán de reforzarse as tarefas de limpeza e desinfección, así como atender en todo caso ás frecuencias que establezan as autoridades sanitarias en cada momento e aumentalas sempre que for necesario.
 - Deberase dispor de xabón, dispensadores de papel de secado ou secador de pans e papeleiras de acción non manual con dobre bolsa no interior. Os consumibles deberanse de repor.
 - Deberase de informar da etiqueta respiratoria e das medidas preventivas e de hixiene que o usuario ha de aplicar (p. ex.: por medio de carteis, adhesivos, etc.).

Se non for posible garantir o cumprimento das anteriores medidas, os aseos deberán de clausurarse.

Non deberán de abrirse os WC químicos.

Recoméndase utilizar elementos sanitarios de acción non manual, así como instalar aseos autolimpables.

Para selar as credencias e entregar a "Compostela" procederase en condicións de seguridade para visitantes/peregrinos e para o persoal que as emite: manterase a distancia de seguridade, desinfectarase o equipo empregado para selar as credenciais, xestionarase axeitadamente as ringleiras, facilitarase os EPI necesarios para o persoal que estiver en contacto co visitante/peregrino e estableceranse barreiras físicas de separación necesarias, etc.

5. REQUISITOS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

O ente xestor deberá de adaptar o plan de limpeza e desinfección do concello atendendo á avaliación dos riscos identificados. O plan debe de considerar, como mínimo:

- O mantemento e limpeza dos camiños.
- Un incremento das frecuencias de limpeza e repasos, especialmente nas zonas de maior contacto
- O uso de produtos de limpeza desinfectantes en condicións de seguridade para traballadores e usuarios. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) acabada de preparar ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que houber no mercado e que contén coa autorización e estean rexistrados no Ministerio de Sanidade. Ao utilizar ese produto respectaranse as indicacións da etiqueta/ficha de seguridade do produto.
- O uso de produtos desinfectantes para as superficies, no seu caso.
- A ventilación/aireación diaria e tan frecuentemente dos espazos fechados, no caso de existiren.

A recollida de papeleiras deberá de realizarse sempre en condicións de seguridade, de xeito que as bolsas queden fechadas e sexan trasladadas ao punto de recollida de lixo. Deberán baleirarse periodicamente para evitar que desborden.

En caso de estes servizos aquí descritos estiveren subcontratados, o ente xestor supervisará que o persoal dispón dos equipos de protección individual necesarios e actúa baixo os procedementos establecidos.

Deberá de quedar rexistro diario das limpeza e desinfeccións realizadas, así como da retirada de lixo.

BIBLIOGRAFÍA

- [1] Instituto para a Calidade Turística Española (2019). Especificación técnica de calidade para espazos públicos singulares.
- [2] UNE-ISO 31000:2018 Gestión del riesgo. Directrices.
- [3] Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (2020). Guía de buenas prácticas para los establecimientos del sector comercial.
- [4] Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (2020). Guía de buenas prácticas para los establecimientos y trabajadores del sector turístico.
- [5] Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (2020). Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al COVID-19.
- [6] Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (2020). Guía de buenas prácticas frente al COVID-19 para los establecimientos y los trabajadores del sector comercial.
- [7] Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- [8] Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE, 2020). Medidas para la reducción del contagio por coronavirus SARS-CoV-2 en oficinas de información turística.
- [9] Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE, 2020). Medidas para la reducción del contagio por coronavirus SARS-CoV-2 en albergues/hostels.
- [10] Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE, 2020). Medidas para la reducción del contagio por coronavirus SARS-CoV-2 en guías de turismo.
- [11] Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE, 2020). Medidas para la reducción del contagio por coronavirus SARS-CoV-2 en espacios públicos singulares.
- [12] Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (2020). Listaxe de virucidas autorizados en España para uso ambiental (PT2), industria alimentaria (PT4) e hixiene humana (PT1).
- [13] Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (2020). Limpeza e desinfección de máscaras hixiénicas reutilizables.

ANEXO I:

RECOMENDACIÓNS DA OMS PARA O LAVADO DE MANS

Como lavar as mans?

Lave as mans só cando estean visiblemente sucias! Se non, utilice a solución alcohólica.

 Duración de todo o o procedemento: 40-60 segundos




0 Molle as mans con auga;



1 Deposite na palma da man unha cantidade de xabón abonda para cubrir todas as superficies das mans;



2 Fregue as palmas das mans entre si;



3 Fregue a palma da man dereita contra o dorso da man esquerda entrelazando os dedos e viceversa;



4 Fregue as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados;



5 Fregue o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrando os dedos;



6 Fregue cun movemente de rotación o polgar esquerdo, atrapándoo coa palma da man dereita e viceversa;




7 Fregue a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotación e viceversa;




8 Enxaugue as mans con auga;



9 Séquese cunha toalla desbotable;



10 Utilice a toalla para pechar a billa;



11 As súas mans son seguras.



Organización
Mundial
da Saúde

Seguridade do Paciente

UNA ALIANZA MUNDIAL PARA UNA ATENCIÓN MÁS SEGURA

SAVE LIVES

Clean Your Hands

(Organización Mundial da Saúde, 2020)

ANEXO II

USO AXEITADO DE EPI. MÁSCARA

Con base na resolución do 23 de abril, da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, sobre os equipos de protección individual no contexto da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, se un equipo non dispor de certificado UE do Organismo Notificado (xunto coa declaración de conformidade do fabricante e do resto de información que se pide no produto/envase para a marca CE), para poder subministralo/comercializado de maneira excepcional, deberá de contar cunha autorización temporal por parte da correspondente autoridade de vixilancia do mercado (punto 2 da alínea primeira da resolución).

De maneira xeral, a recomendación é empregar EPI dun só uso ou, se non for o caso, que poidan desinfectarse despois de cada uso. Con carácter xeral, os equipos de protección respiratoria filtrantes empregados para evitar o risco biolóxico deberán de desbotarse despois de cada uso.

Os EPI deberán de escollerse de xeito que fiquen garantida a máxima protección coa mínima molestia para o usuario; para iso é moi importante escoller o talle, deseño e tamaño que se adapte axeitadamente.

A correcta colocación dos EPI é fundamental para evitar posibles vías de entrada do axente biolóxico. Igualmente importante é a retirar os EPI correctamente para evitar o contacto con zonas contaminadas e/ou a dispersión do axente infeccioso.

Os EPI deberán de desbotarse con seguridade, en bolsas fechadas que se eliminarán no contedor de restos (non no de reciclaxe).

Máscaras

As máscaras débense utilizar atendendo ás disposicións ditadas polas autoridades competentes en cada momento

As máscaras recomendadas en ambientes laborais no contexto da actual pandemia de COVID-19 son as hixiénicas (non reutilizables, fabricadas segundo UNE 0064-1 e cun uso limitado a 4 horas, ou reutilizables, fabricadas segundo UNE 0065, e que deberán de lavarse entre 60-90 °C ou a temperatura superior a 60 °C tras período de uso semellante). Tamén se poderá facer uso de máscaras cirúrxicas (UNE-EN 14683: 2019) aínda que quedarán reservadas preferentemente para persoal contaxiado ou con síntomas compatibles coa COVID-19.

No caso de acceder a zonas con presenza de contaxiados ou superficies potencialmente contaminadas por SARS-CoV-2, sempre que sexa posible manter a distancia de seguridade, deberanse de utilizar máscaras hixiénicas de protección respiratoria (tipo FFP2 ou FFP3), agás se non houberse achegamento a menos de dous metros. Poderanse utilizar igualmente máscaras duais, que deberán de cumprir as disposicións legislativas de EPI e as de PS (produto sanitario).

En caso de non cumprirse algunha das tres condicións descritas, deberanse empregar máscaras de protección respiratoria (tipo FFP2 ou FFP3).

En ningún caso se deberá tocar a parte frontal da máscara coas mans durante o uso e retirada. Tampouco se deixará a máscara na fronte, pescozo nin se gardará no peto entre un uso e outro.

Uso correcto de máscaras



Realiza un uso correcto de máscaras sempre asociado ás medidas de prevención e ás medidas para reducir a transmisión comunitaria:



Se tes síntomas queda na casa e fllate no teu cuarto



Mantén dous metros de distancia entre persoas



Lava as mans frecuentemente e meticulosamente



Evita tocar os ollos, o nariz e a boca



Cubre a boca e o nariz co cóbado flexionado ao tusires ou esbirrars



Usa panos dun só uso



Traballa a distancia sempre que sexa posible



Fai un uso correcto para non xerar máis risco:

- Lava as mans antes de poñérela**
- Durante todo o tempo a máscara debe cubrir a boca, o nariz e o queixo**
- Evita tocar a máscara mentres a levas posta**
- Desbota a máscara cando estea húmida e non reutilices a máscaras a non ser que se indicque que son reutilizables**
- Para quitar a máscara, faino pola parte de atrás, sen tocares a parte frontal, decbótaa nun recipiente pechado e lava as mans**

Mascarillas higiénicas en población general (Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, 2020)

ANEXO III:

USO AXEITADO DE EPI. LUVAS

As luvas de protección deberán de axustarse á norma EN-ISO 374.5:2016. É recomendable que sexan de vinilo ou nitrilo, mais poden empregarse outros materiais máis resistentes se a actividade que se vaia realizar así o require. As luvas deben de contar coa marca CE.

As luvas poden crear unha falsa sensación de protección, por iso é moi importante hixienizar as mans antes e despois de cada uso, especialmente se se tocaron superficies potencialmente contaminadas.

As luvas deberán de cambiarse coa frecuencia indicada consonte o uso que se faga. Sexa como for, poderase aplicar unha solución desinfectante: sobre eles para ampliar a súa vida útil, mais deberán de cambiarse se houber algunha sinal de deterioración (perforación, riscado, etc.).

A maneira correcta de quitar as luvas sen contaminar as mans é seguindo estes pasos:



Procedimiento para los servicios de prevención de riesgos laborales

(Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social,

2020)

Aprende a quitarte los guantes desechables sin riesgos

(Organización Colexial de Enfermaría, 2020)

ANEXO IV:

MODO DE ACTUACIÓN EN CASO DE PERSONAL INFECTADO OU DE RISCO

Coñecementos básicos sobre COVID-19 para evitar o contaxio:

- Os principais síntomas da COVID-19 son principalmente tose, febre e dificultade respiratoria que nalgúns casos van acompañados de dor muscular e de cabeza.
- 80% dos casos presenta síntomas leves e o período de incubación é de 2-14 días. 50% dos casos comeza a presentar síntomas aos 5 días do contaxio.
- Se unha persoa traballadora empezase a ter síntomas compatibles coa doenza, haberá de pór unha máscara cirúrxica, abandonar o seu posto de traballo e contactar co Servizo de Prevención de Riscos Laborais, no teléfono habilitado para iso por parte da Comunidade Autónoma ou centro de saúde correspondentes. Do mesmo xeito, esta situación porase en coñecemento da empresa. Se os síntomas principiasen no posto de traballo, esta situación porase en coñecemento do responsable inmediato da persoa infectada. Pola súa banda, a empresa procederá a notificarlle esta situación ao servizo de prevención, para este adoptar as medidas oportunas e cumprir cos requisitos de notificación establecidos polo Ministerio de Sanidade.
- Por parte da empresa, deberase elaborar e aplicar un protocolo de actuación en caso de detectar posibles persoas infectadas ou persoas que estivesen en contacto coas primeiras, seguindo co "Procedemento de actuación dos servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2".

ANEXO V: DISTANCIAS DE SEGURIDADE

O “Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2” (Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, 2020) establece a distancia de seguridade en 2 metros no momento de redacción deste documento.

ANEXO VI: PRODUTOS DE LIMPIEZA E DESINFECCIÓN Listaxe de virucidas

Pode encontrar a listaxe completa de produtos virucidas autorizados no seguinte enlace:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf